

CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR DE ORIENTACIÓN A PÉ

DATA: mércores, *13 de marzo de 2019.*

LUGAR: Campus Universitario de Vigo - Parque do Coñecemento.

. A zona de concentración e Secretaría situaranse na zona comercial do campus: <https://goo.gl/maps/rEE1BW9VPGS2>

. A zona de aparcamento dos autobuses será esta: <https://goo.gl/maps/h1v6mgGHnxw>





PONTEVEDRA 2019



PARTICIPANTES

Participarán aqueles escolares clasificados nos diferentes zonais previos a este Campionato (Zonal 1- Mercantil, Zonal CUVI1 e Zonal CUVI2) segundo o seguinte cadro:

	INF MASC	INF FEM	CAD MASC	CAD FEM	TOTAIS
IE S SAN PAIO	50	43	13	10	116
IE S CHAPELA 2	0	0	0	0	0
CPI MONDARIZ	5	0	5	1	11
IE S MONTE CARRASCO	11	3	25	24	63
SAN JOSÉ DE CLUNY	5	0	1	0	6
IE S BARRO	17	14	10	7	48
IE S POIO	1	0	2	1	4
IE S CHAPELA 1	4	2	0	0	6
IE S XUNQUEIRA II	17	10	3	0	30
	110	72	59	43	284

HORARIO:

9:30 APERTURA DA SECRETARÍA. Entrega de dorsais e tarxetas Sporident.

10:30 SAÍDA DOS PRIMEIROS PARTICIPANTES.

12.45 PECHE DE META. (Todas as persoas participantes deberán estar en meta)

13:00 ENTREGA DE MEDALLAS E CLAUSURA.

13.30 SAÍDA DOS AUTOBUSES

TRANSPORTE

Os gastos e a organización do transporte desde os centros escolares á zona de competición e a volta levarase a cabo polo Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra a través do formulario adxunto. Para calquera cuestión co transporte, contactar con Rosana Campo: 886218284 ou Guillermo Reinaldo: 660 625 290
coordinadordeporescolar.po@gmail.com

MODALIDADE

Carreira *media*, *terreo mixto*. Modalidade de orientación en liña con saída individual contrarreloxo, na que a persoa participante terá que pasar por todos os controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica marcada no mapa. TEMPO GAÑADOR ESTIMADO: 25 minutos.



PONTEVEDRA 2019



NORMAS TÉCNICAS MÁIS IMPORTANTES

- Cada participante será chamadx na zona de saída 3 minutos antes da hora que lle corresponde.
- Na zona de Saída cómpre manter silencio para poder facer as chamadas adecuadamente e favorecer a concentración dxs participantes.
- O mapa entregárase na saída, sendo responsabilidade de cada orientador comprobar que corresponde á súa categoría.
- Cando se tome a saída tarde, deberase avisar á organización e esperar ás indicacións oportunas.
- Fíxase unha hora de peche da carreira ás 12.30 para todos os percorridos. Pasada esa hora, cada participante deberá regresar inmediata e directamente á meta, pasar pola secretaría e entregar a tarxeta emprestada.
- O percorrido será realizado obrigatoriamente na orde indicada.
- Todx orientadorx que remate ou abandone a proba deberá dirixirse inmediata e directamente á meta e pasar pola secretaría e entregar a tarxeta emprestada.
- Poderán ser descalificadxs xs orientadorxs que cometan irregularidades na proba.
- Está prohibida a asistencia entre orientadores, agás en caso de accidente, sendo aquí obligatoria.
- Os orientadores deben realizar a proba en silencio.
- **OLLO: malia que estamos falando dunha carreira de orientación, cada participante é prioritariamente peón, polo que ao cruzar unha estrada deberá ter especial precaución e ceder o paso aos posibles vehículos que poidan transitar.**

OUTROS PUNTOS IMPORTANTES PARA O CORRECTO DESENVOLVEMENTO DA PROBA

1. Ao chegar á zona de competición, a persoa responsable de cada centro escolar deben dirixirse directamente á secretaría, onde se entregará a bolsa coas tarxetas electrónicas correspondentes ao centro, e se dará unha pequena charla cos puntos máis importantes da actividade.



PONTEVEDRA 2019



2. Delimitaranse unhas zonas para que cada centro esté "controlado", xa que o número de participantes é moi grande. Estas zonas delimitadas tamén son para poder ter controladas as mochilas do alumnado, xa que non dispoñemos de vestiarios. Cada zona habilitada deberá quedar limpa e sen rastro de desperdicios. O lixo botarase nos contedores habilitados ao efecto.
3. Todo o alumnado terá que amosar un comportamento cívico en todo momento e coidar os lugares onde se desenvolva a competición (tanto na carreira como na secretaría). O profesorado terá que supervisar ao alumnado ao seu cargo, colaborando coa organización na procura do seu comportamento cívico.
4. É recomendable que cada participante leve unha muda para poder cambiarse despois da carreira, sobre todo calzado e calcetíns.
5. Haberá unha ambulancia no centro de competición para atender a todos os corredores que o precisen.

PREMIOS

Entregaranse medallas aos tres primeiros de cada categoría:

INFANTIL FEMININO

INFANTIL MASCULINO

CADETE FEMININO

CADETE MASCULINO

Coquí Sport agasalla cunha camiseta aos tres primeiros orientadores de cada categoría dos centros escolares. Sortearanse 4 camisetas máis entre todos os participantes.

CLASIFICACIÓN PARA CENTROS ESCOLARES

Establecerase unha clasificación individual para cada categoría (masculina e feminina). Establecerase tamén unha clasificación por centros escolares conformándose esta última con cadansúas doce mellores puntuacións (tres infantís masculinas, tres infantís femininas, tres cadetes masculinas e tres cadetes femininas). A tal efecto, en cada categoría (masculina e feminina) se asignará 1 punto ó primeiro, 2 puntos ó segundo, 3 puntos ó terceiro, e así sucesivamente, gañando o centro escolar ou club que acade o menor número de puntos.



PONTEVEDRA 2019



Deste Campionato Provincial, terán dereito a participar no Campionato Galego as 10 primeiras persoas clasificadas nas súas respectivas categorías.

No caso de non completarse o cupo de 10 corredores por categoría o responsable do club organizador do Campionato Provincial pode incluír orientadores non clasificados entre os 10 primeiros ata completar o cupo fixado para a categoría correspondente. Para iso inscribirá preferentemente a corredores do mesmo centro que deixe a vacante ou vacantes.

Naqueles casos nos que os tres mellores centros escolares de cada provincia non tivesen clasificado un mínimo de tres orientadores entre os 10 primeiros de cada categoría, poden inscribir cando menos a 3 orientadores na categoría correspondente.

Os orientadores federados que non competisen no Campionato Provincial correspondente ou non se clasificaran entre os 10 primeiros poderán participar igualmente no Campionato Galego na categoría que lles corresponda por idade.

ORGANIZA:

**Club AROMON
PONTEVEDRA
MONTAÑEIROS A
ROELO**



Director da proba:

RICARDO FIGUEROA
competicion@aromon.es
644377162

Colaboran:



Universidade de Vigo

